

**Cine por
Mujeres** | **A Coruña**
A Coruña | **Cinema por**
Mulleres



II Mostra Internacional de longametraxes, 22 febreiro – 9 marzo 2024

Programación

SEDES

Teatro Colón:

Avda. da Mariña, núm. 7A, 15003 A Coruña.

Entrada gratuita

Cantones Cines:

Centro Comercial Cantones Village,

Avda. do Porto da Coruña, 3, 15003. A Coruña.

Entrada: 4,50 €. Con desconto: Carné Xove, maiores 65 anos, familias numerosas e persoas desempregadas: 3 €

Salvo indicación, os pases serán presentados pola crítica cinematográfica Andrea Franco.

Proxeccións en V.O.S.E.

XOVES 22.02

19.00 h: Teatro Colón

MESA REDONDA:

Galicia: nós tamén diriximos longametraxes

Participan: Ángeles Huerta, Jaione Camborda, Olga Osorio, Paula Cons.

Modera: Chelo Loureiro.

Presentan: Carlota Álvarez Basso y Diego Mas Trelles, directores de Il Cinema por Mulleres A Coruña.

Entrada gratuita

MÉRCORES 28.02

18.00 h:

Chinas

Arantxa Echevarría (España), España, 118'

20.30 h:

Temps mort (Time Out)

Eve Duchemin (Bélxica), Francia/Benelux, 118'

Estrea na Coruña

XOVES 29.02

18.00 h:

Creatura

Elena Martín Gimeno (España), España, 112'

Estrea na Coruña

20.30 h:

Ha Pilegesh (The Other Widow)

Ma'ayan Ryp (Israel), Israel, 83'

Estrea na Coruña

MÉRCORES 06.03

18.00 h:

20.000 Especies de abejas

Estibaliz Urresola Solaguren (España), España, 125'

20.30 h:

La memoria infinita

Maite Alberdi (Chile), Chile, 85'

Estrea na Coruña

XOVES 07.03

18.00 h:

Vasil

Avelina Prat (España), España/Bulgaria, 92'

20.30 h:

Sluzka

Mariana Čengel Solčanská (Eslovaquia), Eslovaquia/Rep. Checa, 100'

Estrea na Coruña

22 febreiro – 9 marzo 2024

VENRES 23.02

18.00 h:

O Corno

Jaione Camborda (España), España/
Portugal/Bélxica, 103'

Presentación-coloquio con Jaione Camborda
e os directores de Il Cinema por Mulleres
A Coruña.

20.30 h:

Piece of my heart

Dana Nechushtan (Israel/Países Baixos),
Países Baixos, 114'

Presentación a cargo dos directores de Il
Cinema por Mulleres A Coruña.

Estrea na Coruña

SÁBADO 24.02

18.00 h:

El mestre que va prometre el mar

Patricia Font (España), España, 110'



20.30 h:

How to have sex

Molly Manning Walker (Reino Unido), Reino
Unido/Grecia/Bélxica, 98'

Presentación a cargo dos directores de Il Cinema
por Mulleres A Coruña.



VENRES 01.03

18.00 h:

El sueño de la sultana

Isabel Herguera (España), España/
Alemaña, 80'

Presentación-coloquio con Chelo Loureiro
(produtora).

Estrea na Coruña

20.30 h:

El eco

Tatiana Huezo (México/O Salvador),
México/Alemaña, 102'

SÁBADO 02.03

18.00 h:

La Singla

Paloma Zapata (España), España/Alemaña, 95'

Proxección con subtítulos descritivos e
interpretación da presentación en lingua de signos.

Estrea na Coruña

20.30 h:

Slow

Marija Kavtaradze (Lituania), Lituania/España/
Suecia, 108'

Proxección con subtítulos descritivos e
interpretación da presentación en lingua de signos.

VENRES 08.03

18.00 h:

Las buenas compañías

Silvia Munt (España), España/Francia, 103'

Estrea na Coruña

20.30 h:

Animalia

Sofia Alaoui (Francia/Marrocos), Marrocos/
Catar/Francia, 91'

Estrea na Coruña

SÁBADO 09.03

18.00 h:

¡Salta!

Olga Osorio (España), España, 85'

Presentación-coloquio con Olga Osorio.

20.30 h:

Past lives (Vidas pasadas)

Celine Song (Corea do Sur/Canadá), EEUU, 105'

Presentación

Cinema por Mulleres A Coruña

II mostra internacional de longametraxes

En marzo de 2023, o Concello da Coruña organizou o I Cinema por Mulleres A Coruña. Este 2024, volve apostar polo cinema dirixido por mulleres, “como unha acción cultural de primeira orde para a necesaria posta en valor do traballo cinematográfico de moitas mulleres”, indicou a alcaldesa da cidade, Inés Rey.

Un ano máis, a mostra conta co patrocinio da coñecida marca de sidra galega Maeloc, que apoia a creación audiovisual e dálles visibilidade ás mulleres profesionais do sector.

A mostra estará composta por unha coidada selección de 20 longametraxes, 10 internacionais e 10 españolas dirixidas por mulleres e realizadas entre 2022 e 2023, as cales participaron na Competición Internacional e na Competición Española do VI Festival Cine por Mujeres Madrid, que tivo lugar do 24 de outubro ao 5 de novembro de 2023. Proveñen de países tan variados como Lituania, Bélxica, Francia, Marrocos, Reino Unido, Corea do Sur, O Canadá, Grecia, México, Alemaña, Israel, Países Baixos, Chile, Suecia e, obviamente, 10 son españolas.

Con esta mostra, o público coruñés poderá gozar dunha variada selección de películas de ficción e documental, e terá unha oportunidade única de poñerse ao día sobre a recente produción cinematográfica internacional dirixida por mulleres, dado que o 50% das longametraxes serán estreos absolutos na cidade: 6 internacionais e 4 españolas.

Entre as películas internacionais proxectaranse *How To Have Sex*, de Molly Manning Walker – gañadora do Premio a Mellor Película 2023 do VI Festival Cine por Mujeres Madrid, cuxo xurado internacional estivo composto por Ana Endara (directora; Panamá), Natalia de Molina (actriz; España) e Vicente Molina Foix (escritor, crítico de cinema e director; España), ademais de obter o Premio do xurado xove e Premio á Mellor directora novel de Valladolid-SEMINCI, Premio “Un Certain Regard” do Festival de Cannes 2023 e Premio European discovery-Prix Fipresci na European Film Academ; *Animalia*, de Sofia Alaoui, gañadora do Premio á Visión Creativa do Festival de Sundance 2023; *El Eco*, de Tatiana Huezo, gañadora do premio á Mellor Dirección e Mellor Documental en Berlinale 2023; *La memoria infinita*, de Maite Alberdi, gañadora do Premio World Cinema - Documentary

en Sundance 2023 e, finalmente, *Slow*, de Marija Kavtaradze, gañadora do Premio á Mellor dirección-drama en Sundance 2023.

A selección das 10 longametraxes españolas, componse tamén de películas multipremiadas, como *O Corno*, de Jaione Camborda, gañadora da Cuncha de Ouro no Festival de Cinema de San Sebastián 2023; *La Singla*, de Paloma Zapata, gañadora do Premio Feroz Arrebato de non ficción ou *20.000 especies de abejas*, de Estibaliz Urresola, gañadora do Premio Feroz á Mellor película dramática e Mellor actriz de elenco; ademais doutras películas seleccionadas en diversos festivais nacionais como Valladolid-SEMINCI, San Sebastián, Málaga e en festivais internacionais como Cannes, Berlinale ou Guadalaxara. As 10 longametraxes españolas competiron polo Premio á Mellor Película Española 2023 do Festival Cine por Mujeres Madrid, que gañou *El mestre que va prometre el mar* de Patricia Font, dirimido por membros da Asociación Premios Blogos de Ouro: María Cabal (xornalista de cinema); Diego Da Costa (xornalista cultural) e Verónica Dávila (xornalista).

Como novidades en 2024, a programación de Il Cinema por Mulleres A Coruña, arranca cunha mesa redonda onde participarán 5 directoras galegas; con ánimo de darlle visibilidade aos seus traballos e sobre todo poñer en valor o protagonismo das mulleres profesionais no recente florecemento da ficción audiovisual galega, con películas rodadas e producidas en Galicia, moitas delas rodadas en galego.

Tamén, como unha aposta pola accesibilidade das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, o día 2 de marzo programamos unha xornada, con dous pases, cuxa presentación contará con interpretación en lingua de signos e con proxeccións que se farán con subtítulos descritivos: *La Singla* (18.00h) e *Slow* (20.30h).

Co Il Cinema por Mulleres A Coruña, promovido polo Concello da Coruña, en colaboración co Festival Cine por Mujeres Madrid, e o inestimable patrocinio de Sidras Maeloc, a cidade amplía a súa variada oferta cultural e a súa aposta por unha cinematografía diversa e de calidade; poñendo en valor o cinema dirixido por mulleres e, máis particularmente, as profesionais da industria cinematográfica galega.

Promove: Concello da Coruña / Patrocina: Maeloc / Produce: Limbo Producciones S.L. / Dirección: Carlota Álvarez Basso e Diego Mas Trelles / Comité de programación: Elena Manrique e María Angulo / Producción xeral Madrid: María Collado / Comunicación e redes: Elena López / Presentadora na Coruña: Andrea Franco / Deseño: El vivero / Webmaster: Bonaval Multimedia, Vigo / Prensa e comunicación: Prismaideas / Contacto: evacalleja@prismaideas.es, Tel. +34 660 573 049 www.festivalcinepormujeres.com

Das irmás maiores: Unha proposta de liña do tempo do cinema español dirixido por mulleres

A escritora alxeriana Brigitte Girauden nun artigo recente falaba da súa “irmá maior literaria”: Annie Ernaux. Sinalaba o seu agradecemento a escritoras previas que abriron novos camiños, que se enfrontaron a unha sociedade inxusta e que lles permitiron a outras mulleres dar o primeiro paso para acabar co *status quo*. Decidimos dedicarlles este editorial a esas irmás maiores do cinema español, tomando como referencia a cronoloxía elaborada polo crítico cinematográfico Carlos Heredero¹. Nela débúxanse claramente tres períodos diferenciados, aos que nos permitimos engadir unha cuarta etapa e démoslles un nome a todas elas..

Desde o ano 1897 (data de produción da que se considera a primeira película española, de Eduardo Jimeno, *Salida de misa de doce de la Iglesia del Pilar de Zaragoza*), ata o ano 1989, sería a “Idade de Ferro”, porque durante 92 anos só houbo 16 mulleres directoras: Elena Jordi (pseudónimo de Monserrat Casals), Helena Cortesina, Rosario Pi Brujas, Ana Mariscal, Margarita Alexandre, Helena Lumbrreras, Mercé Conesa, Josefina Molina, Pilar Miró, Cecilia Bartolomé, Isabel Mulá, Virginia Nunes, Pilar Távora, Cristina Andreu, Isabel Coixet e Ana Díez.

Entre 1990 e 1999, a “Idade de Bronce”, na que debutaron 29 directoras máis, citadas por orde alfabética ²: Ana Belén, Ana Simón Cerezo, Arantxa Lazcano, Azucena Rodríguez, Chus Gutiérrez, Cristina Esteban, Dolors Payás, Dunia Ayaso, Eugenia Kléber, Eva Lesmes, Gracia Querejeta, Icíar Bollaín, Isabel Gardela, Judith Colell, Maite Ruiz de Austri, Manane Rodríguez, Mar Targarona, María Miró, María Ripoll, Marta Balletbó-Coll, Mireia Ros, Mirentxu Purroy, Mónica Laguna, Nuria Olivé-Bellés, Nuria Villazán, Pilar Sueiro, Rosa Vergés, Teresa Pelegrí e Yolanda García Serrano.

A “Idade de Cobre”, entre os anos 2000 e 2016, comeza cando, segundo a listaxe coordinada por Andrea Morán Reyes e Jara Yáñez³, máis de 264 directoras realizan polo menos unha película, mentres, afortunadamente, a xeración anterior segue en activo. Durante a primeira década dos 2000, incorpórase ao sector profesional unha frutífera promoción de profesionais de traxectoria e formación moi heteroxénea,

sen complexos, cunha mirada propia, que puxeron en cuestión os roles sociais, con protagonistas que asumen as súas decisións e difiren dos estereotipos vixentes: nin compracentes, nin vítimas, nin nais abnegadas, nin verdugos, nin submisas. En definitiva, propoñen un relato da muller sen clichés, sen tópicos e sen canons. É imposible dar nomes propios sen cometer inxustos esquecementos, pero imos facer un intento por orde de debut: Patricia Ferreira, Laura Mañá, Cecilia Barriga, Helena Taberna, María Lidón, Inés París, Daniela Fejerman, Silvia Munt, Ángeles González-Sinde, Mercedes Álvarez, Margarita Ledo, Marta Arribas e Ana Pérez de la Fuente, Ariadna Puyol, Nely Reguera, Arantxa Aguirre, Roser Aguilar, Mabel Lozano, Carla Subirana, Belén Macías, Isona Passola, Anna Bofarrul, Mar Coll, Carlota Lelson, Elena Trapé, Juana Macías, Meritxell Soler, Paula Ortiz, Sonia Tercero, Susana Guardiola, Dácil Pérez de Guzmán, Giovanna Ribes, Eva Vila, Pilar Pérez Solano, Neus Ballús, Silvia Benegas, Diana Toucedo, Carolina Astudillo, Amparo Climent, Mercedes Muncada, Leticia Dolera e Andrea Jaurrieta... entre outras.

Segundo o noso criterio, a partir do 2015, podería empezar a “Idade de Prata” cando unha recente promoción de cineastas se aliña como se fose un colectivo, aínda que sen fito fundacional, sen sede e sen nome (aínda). Con todo, teñen un común denominador: as súas longametraxes deron gratas noticias desde o punto de vista dos galardóns nacionais e internacionais; as súas películas falan sobre o presente e o pasado recente dunhas protagonistas que toman a renda das súas vidas e queren romper coas convencións narrativas, e apelan a un público mixto e xeneralista. Referímonos a directoras con múltiples premios como (por orde alfabética): Alauda Ruiz de Azúa, Alba Sotorra, Almudena Carracedo, Arantxa Echevarría, Belén Funes, Elena Martín, Lucía Alemani, Paula Palacios, Pilar Palomero, Carlota Pereda, Clara Roquet e Carla Simón, entre outras. A estas uniuse hai apenas uns días, Jaione Camborda, primeira directora española en gañar a Cuncha de Ouro.

Tamén lles quixemos botar unha ollada aos festivais, mostras ou ciclos de cinema realizados por mulleres que, dende hai décadas, se realizan periodicamente no territorio español. Empezamos polo mítico Festival Internacional de Cine Realizado por Mujeres que se celebrou en Madrid entre 1984 e 1996, promovido polo Ateneo Feminista (co que me impliquei persoalmente entre 1992 e 1996); Muestra de Cine

y Mujeres de Pamplona, que se celebra desde 1987, con 37 edicións ás súas costas; Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona, con 31 edicións desde 1993; Muestra de Cine Dirigido por Mujeres de Bilbao, con 27 edicións ás súas costas; Muestra Internacional de Cine Realizado por Mujeres de Zaragoza, con 25 edicións; Muestra de Cine Realizado por Mujeres de Huesca, con 23 edicións; Bienal Internacional Dona i Cinema de Valencia, que se celebra desde o 2011. Cabe mencionar outras iniciativas máis recentes como Cima en corto, desde 2006, unha mostra de curtametraxes organizada por CIMA (Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales); Mujeres de Cine, a mostra itinerante que nace en Madrid en 2010 ou o Festival Dirección en Femenino de Aranjuez, con VI edicións. Esperamos non deixar ningún no tinteiro e estaremos encantadas de emendar posibles erros e de completar esta información.

A teor dos resultados dos últimos anos, podemos intuír que estamos a entrar na “Idade de Ouro” da dirección de cinema por mulleres en España, pero iso só poderemos afirmalo cando cheguemos a uns datos próximos á paridade.

Valla este texto para lles expresar o noso agradecemento a estas “irmás maiores”, tanto a directoras como ás profesionais dos festivais, por achandar o camiño a moitas outras.

Carlota Álvarez Basso e Diego Mas Trelles
Directores de Il Cinema por Mulleres A Coruña

1. Datas establecidas segundo a cronoloxía elaborada polo crítico cinematográfico Carlos Heredero no seu artigo “Directoras españolas del siglo XXI. Un combate por el equilibrio”. *Feminino Plural. Mujeres Cineastas del siglo XXI*. Carlos F. Heredero. *Caimán Cuadernos de cine*, ed. 2017.

2. Idem.

3. “Películas españolas dirigidas por mujeres españolas (2000-2016)”. *Feminino Plural. Mujeres Cineastas del siglo XXI*. Coordinado por Andrea Morán Reyes e Jara Yáñez. *Caimán Cuadernos de cine*, ed. 2017.

Programación

XOVES 22.02

— 19:00 h. Teatro Colón

Avenida da Mariña, núm. 7A, 15003 A Coruña

Entrada gratuíta

MESA REDONDA:

Galicia: Nós tamén diriximos longametraxes

Iniciando o II Cinema por Mulleres A Coruña, o xoves 22 de febreiro de 2024 terá lugar unha mesa redonda conformada por directoras de longametraxes galegas, ou que traballan en Galicia, principalmente procedentes da Coruña.

Participan:

- Ángeles Huerta (A Coruña),
- Jaione Camborda (San Sebastián-Santiago de Compostela),
- Olga Osorio (Lugo),
- Paula Cons (A Coruña).

Modera:

Chelo Loureiro (Ferrol). Directora y productora de cine (Ábano Productions).

Presentan:

Carlota Álvarez Basso, Diego Mas Trelles (codirectores da mostra Cinema por Mulleres A Coruña) e unha persoa representante do Concello da Coruña.

Ángeles Huerta

Doutora en Literatura Comparada e diplomada en Dirección Cinematográfica pola Met Film School. Despois dun período de formación como curtametraxista, estrea a súa primeira longametraxe en 2017, *Esquece Monelos*. A película foi estreada e premiada en diversos festivais nacionais e internacionais. En 2022 estrea *O corpo aberto*, que obtivo 12 premios Mestre Mateo na última edición dos premios da Academia Galega do Audiovisual. Actualmente está a preparar unha aproximación cinematográfica á figura de Castelao.



Chelo Loureiro

Chelo Loureiro produciu máis de vinte proxectos e recolleu máis de trescentos premios en festivais internacionais, tres Premios Goya, un Premio Gaudí e dez premios Mestre Mateo. *Valentina*, a súa primeira longametraxe como directora, obtivo o Premio Goya á Mellor Película de Animación 2022, e en 2023 como productora de *Unicorn Wars*, de Alberto Vázquez.



Jaione Camborda

Jaione Camborda estudou na Escola de Cine de Praga (FAMU) e na Escola de Cine de Múnic (HFF). A súa primeira longametraxe, *Arima* (2019), foi premiada en varios festivais. Dirixiu curtas como *Prueba de agilidad*, *Nimbos*, *Lilit* ou *Rapa das bestas*. Guionista das longametraxes *Los fenómenos* e *Ons*, dirixidas por Alfonso Zarauza, e traballou como directora de arte.



Olga Osorio

Olga Osorio, doutora en Humanidades pola UDC (premio extraordinario) e licenciada en Xornalismo pola Complutense de Madrid, é catedrática de ensino secundario na especialidade de Procesos e Medios de Comunicación na Escola de Imaxe e Son da Coruña, onde imparte Dirección e xestión de cinema, así como Planificación de cámara. Dirixiu varias curtas, como *Mouras*, gañadora de 69 premios, e *¡Salta!*, a súa primeira longametraxe.



Paula Cons

Comezou a súa carreira como xornalista e pasou aos poucos anos ao xornalismo de investigación nas máis importantes canles nacionais. Dende aí deu o salto aos documentais e á ficción. Dirixiu o documental estreado na SEMINCI *A batalla descoñecida*, gañadora do Mestre Mateo, e a serie documental para Netflix *Dónde está Marta*, un éxito en todo o mundo. En ficción dirixiu a película *A Illa das Mentiras* estreada na sección oficial do Festival de Shanghai, e posteriormente no Festival de San Sebastián, recibiu diversos galardóns na súa andaina internacional e foi a película máis vista en Filmin na súa estrea. Tamén dirixiu varias ficcións sonoras para Audible de Amazon, e foi guionista e produtora executiva de varias películas e documentais.



PROYECCIONES:

VENRES 23.02

— 18:00h

O Corno

Jaione Camborda (España)

Ficción, 103'. España/Portugal/Bélxica, 2023



Illa de Arousa, 1971. María é mariscadora e coñecida por axudar a outras mulleres nos seus partos, mais debe fuxir e cruzar a fronteira por unha ruta de contrabando.

Concha de Ouro no Festival de San Sebastián.
Proposta aos Premios Feroz e Goya.

Presentación e coloquio posterior coa directora da película, Jaione Camborda (San Sebastián-Santiago de Compostela).

Presentan: Carlota Álvarez Basso e Diego Mas Trelles, directores de Il Cinema por Mulleres A Coruña.

— 20:30h

Piece of my heart (Solo queda la danza)

Dana Nechushtan (Israel/Países Baixos),

Ficción, 114'. Países Baixos, 2022



Dúas bailarinas enfróntanse á esixencia do ballet no Ámsterdam dos 70. Unha das dúas amigas descubrirá o lado escuro do seu talento.

Seleccionada en Miami.
Estrea na Coruña.

Presentan: Carlota Álvarez Basso y Diego Mass Trelles, directores de Il Cinema por Mulleres A Coruña.

SÁBADO 24.02

— 18:00h

El mestre que va prometre el mar

Patricia Font (España)

Ficción, 110'. España, 2023



Baseada na historia real do mestre republicano Antoni Benaiges, entrelaza o presente e o pasado, en semanas previas ao comezo da guerra civil. Con Enric Auquer e Laia Costa.


Gañadora da competición española da VI Edición do Festival Cine por Mujeres Madrid.
Seleccionada en SEMINCI, proposta aos Goya, Gaudí e premios Feroz.

— 20:30h

How to have sex

Molly Manning Walker (Reino Unido)

Ficción, 98'. UK/Grecia/Bélxica, 2023



Tres adolescentes británicas marchan de vacacións no que debería ser o mellor verán das súas vidas, para beber, saír de festa e ligar.

Gañadora da competición internacional da VI Edición do Festival Cine por Mujeres Madrid.

Premiada con “Un Certain Regard Award” en Cannes, premio European Discovery-Fipresci en European Film Academy, premiada en Chicago, SEMINCI, seleccionada nos festivais de Jerusalem, Melbourne, Zúric e Atenas, entre outros.

Presentan: Carlota Álvarez Basso e Diego Mas Trelles, directores de Il Cinema por Mulleres A Coruña.

MÉRCORES 28.02

— 18:00h

Chinas

Arantxa Echevarría (España)

Ficción, 118'. España, 2023



Tres mozas de orixe chinesa viven en Madrid con realidades opostas. As súas historias crúzanse e sepáranse, mais manteñen en común a procura da identidade.

Con Carolina Yuste e Leonor Watling. Seleccionada en San Sebastián. Proposta aos Goya.

— 20:30h

Temps mort (Time Out)

Eve Duchemin (Bélxica)

Ficción, 118'. Benelux/Francia, 2022



Por primeira vez en moito tempo, a tres reclusos concédeselles un permiso de fin de semana. En corenta e oito horas terán que recuperar o tempo perdido.

Seleccionada no Festival de Pequín.

Estrea na Coruña.


XOVES 29.02

— 18:00h

Creatura

Elena Martín Gimeno (España)

Ficción, 112'. España, 2023



Mila decátase de que as razóns da súa perda de desexo están en si mesma... unha viaxe ao despertar sexual da infancia e a libido feminina.

Premiada na Quinzaine de Cannes. Premio Dunia Ayaso da Fundación SGAE. Proposta aos Goya, Gaudí e premios Feroz.

Estrea na Coruña.

— 20:30h

Ha Pilegesh (The Other Widow)

Ma'ayan Rypp (Israel)

Ficción, 83'. Israel, 2023



Ella sofre a repentina morte do seu amante e mergúllase no seu shivá, un universo que lle estaba vetado, onde acabará esixindo o seu lexítimo dereito ao loito.

Premiada no Sofia International Film Festival, seleccionada en Calgary, Santa Bárbara, Jerusalem, Tällinn, Sarasota.

Estrea na Coruña.

VENRES 01.03

— 18:00h

El sueño de la sultana

Isabel Herguera (España)

Animación, 80'. España/Alemaña, 2023



Inspirada nun conto feminista escrito en Bengala en 1905, Inés emprende unha viaxe iniciática pola India na procura da utópica Terra das Mulleres.

Premio Asociación Vasca de Guionistas en San Sebastián. Proposta aos Goya, Gaudí e premios Feroz.

Presentación e coloquio posterior coa produtora da película, Chelo Loureiro (Ferrol).

Estrea na Coruña.

— 20:30h

El eco

Tatiana Huezo (México/O Salvador)

Documental, 102'. México/Alemaña, 2023



Na remota vila mexicana de El Eco, a precariedade e o traballo definen a vida. Os nenos aprenden sobre a morte, a enfermidade e o amor.

Gañadora de Mellor Dirección e Mellor Documental en Berlinale; Mellor Documental en Jerusalem.

Seleccionada nos festivais de Hong Kong, Seattle, Chicago, Morelia, Vision du Réel, San Sebastián.

SÁBADO 02.03

— 18:00h

La Singla

Paloma Zapata (España)

Documental, 95'. España/Alemaña, 2023



A película parte en busca da Singla, bailaora de flamenco, xorda, famosa internacionalmente con 17 anos e que de súpeto desaparece da escena.

Seleccionado en Málaga, DocsBarcelona, Sevilla, Hot Docs, Doxa, Thessaloniki, Guadalajara, Cracovia. Premio Feroz Arrebato de non ficción.

Estrea na Coruña.

Proxección con subtítulos descritivos e interpretación da presentación en lingua de signos.

— 20:30h

Slow

Marija Kavtaradze (Lituania)

Ficción, 108'. Lituania/España/Suecia, 2023



Cando Elena e Dovydas se coñecen, establecen un fermoso vínculo que será posto a proba cando Dovydas confesa a súa asexualidade.

Premio a Mellor dirección-drama en Sundance. Premiada en Gante, Tällin, Arras.

Seleccionada en Zúric, Atenas, Reykjavik e Atlántida Film Fest.

Proxección con subtítulos descritivos e interpretación da presentación en lingua de signos.


MÉRCORES 06.03

— 18:00h

20.000 Especies de abejas

Estibaliz Urresola Solaguren (España)

Ficción, 129'. España, 2023. LGTBIQ+



Cocó non entende por que todos ao seu redor insisten en chamala Aitor. A súa familia irá de vacacións á casa da avoa, onde a súa tía cría abellas.

Premiada en Berlinale, Guadalajara, Hong Kong, Málaga, Seattle, San Francisco. Premio Forqué e Premios Feroz á Mellor película dramática e premio á Mellor actriz de repartición (Patricia López Arnaiz). Proposta aos Goya.

— 20:30h

La memoria infinita

Maite Alberdi (Chile)

Documental, 85'. Chile, 2023



Augusto e Paulina estiveron xuntos durante 25 anos, ambos lidan co medo ao momento no que el (xornalista recoñecido) non volva recoñecer a Paulina.

Gañadora do Premio World Cine- Documentary en Sundance, Mellor Documental en Minneapolis St Paul, Mellor película latinoamericana en Premios Forqué. Seleccionada en Berlín, Atenas, Dallas, Miami, DocAviv e San Sebastián.

Estrea na Coruña.

XOVES 07.03

— 18:00h

Vasil

Avelina Prat (España)

Ficción, 92'. España/Bulgaria, 2022



Vasil é moi bo ao bridge e ao xadrez pero dorme na rúa ata que un xubilado apaixonado do xadrez o acolle na súa casa.

Con Iván Barnev e Karra Elejalde.

Premio ex aequo Mellor Actor en SEMINCI e gañadora dos Premios Berlanga en Valencia. Proposta aos Premios Feroz e Gaudí.

— 20:30h

Sluzka (The Chambermaid)

Mariana Čengel Solčanská (Eslovaquia)

Ficción, 100'. Eslovaquia/Rep. Checa, 2023

LGTBIQ+



Película de época, na que dúas mozas nos extremos opostos da escala social do imperio austro-húngaro se converten en mellores amigas e amantes.

Seleccionada en Chicago e Tällinn.

Estrea na Coruña.

VENRES 08.03

— 18:00h

Las buenas compañías

Silvia Munt (España)

Ficción, 103'. España/Francia, 2023. LGTBIQ+



Bea únese a un grupo feminista, no que, xunto ás súas compañeiras, desafiará a legalidade por vivir nun mundo máis xusto. Baseada en feitos reais.

Premio do Público do Festival de Dereitos Humanos de San Sebastián e do Jurado Joven en Málaga. Proposta aos Premios Gaudí.

Estrea na Coruña.

— 20:30h

Animalia

Sofia Alaoui (Francia/Marrocos)

Ficción, 91'. Marrocos/Catar/Francia, 2023



Itto, embarazada, adáptase á opulencia da súa nova familia. Co seu home de viaxe, enfróntase a un misterioso estado de emerxencia declarado en todo o país.

Gañadora do premio especial á Visión Creativa en Sundance. Seleccionada en Hong Kong, Munich, San Francisco, Istambul, Munich e Guanajuato, entre outros.

Estrea na Coruña.

SÁBADO 09.03

— 18:00h

¡Salta!

Olga Osorio (España)

Ciencia ficción familiar, 85'. España, 2023



É o verán de 1989. Dous irmáns, moi distintos entre si, viaxan no tempo saltando polos buracos de verme.

Con Marta Nieto e Tamar Novas.

Presentación e coloquio posterior coa directora da película, Olga Osorio (Lugo).

— 20:30h

Past lives (Vidas pasadas)

Celine Song (Corea do Sur/Canadá)

Ficción, 105'. Estados Unidos, 2023



Nora e Hae Sung, dous amigos da infancia, son separados despois de que a familia de Nora emigrase de Corea do Sur. Vinte anos despois, reúnen-se en Nova York para enfrontarse ao amor e ao destino.

Seleccionada nos festivais de Sundance, Berlín, Sydney, Jerusalem, Saraievo, Deauville, Gante, obtivo numerosos premios da crítica estadounidense, entre eles o de Mellor Película Independente de 2023.

Cine por Mujeres | A Coruña
Mujeres Cinema por Mulleres

Promove:



Patrocina:



www.festivalcinepormujeres.com